

PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º T-2: ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS


A recollida e o posterior tratamento das augas residuais son servizos de competencia municipal, e que, debido á súa natureza, debe ser xestionados de forma eficiente, eficaz e responsable, para acadar altas cotas de seguridade pública, así como de preservación dos valores naturais.

No proceso de mellora dos servizos municipais e da súa normativa que está a levar o Concello, preséntase unha actualización da ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo de recolla e tratamento das augas residuais, de cara a mellorar a redacción da norma e adaptala ás accións de mellora que se están a desenvolver.

Por este motivo, a Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación, o texto que segue, para actualizar a ordenanza fiscal nº T-2.

San Sadurniño, 22 de agosto de 2017

O Alcalde,



Secundino García Casal

ANEXO

Actualización da ordenanza fiscal n.º T-2: Ordenanza reguladora da taxa do servizo de recollida e tratamento das augas residuais

ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º T-2: REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS

Primeiro.- Modifícase o título da ordenanza, ficando como Ordenanza fiscal n.º T-2: Ordenanza reguladora da taxa do servizo de recollida e tratamento das augas residuais.



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Segundo.- Actualízase o contido da ordenanza fiscal n.º T-2: Ordenanza reguladora da taxa do servizo de recollida e tratamento das augas residuais, que terá o seguinte contido:

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En aplicación do disposto nos artigos 15 a 27 e 58 do texto refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece a taxa da rede de sumidoiros, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa:
 - a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal
 - b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal
 - c) O tratamento das augas residuais recollidas, para a súa correcta depuración.
2. Non estarán suxeitos á taxa os edificios derruídos, declarados ruinosos ou os que teñan a condición de soar ou terreo.
3. Si estarán suxeitos á taxa as persoas que soliciten, e se lles autorice, a descarga na EDAR dos residuos de pozos negros particulares. Neste caso as persoas solicitantes empregarán os seus medios propios para trasladar os residuos, e se encargarán de realizar a descarga, baixo control dos servizos municipais.
4. Para os efectos da aplicación da taxa, diferenciaranse 2 tipos de usos:
 - Usos domésticos: os vinculados aos edificios e propiedades particulares que teñan a condición de vivenda
 - Usos comerciais ou industriais: os vinculados a baixos comerciais e demais edificacións na que se desenvolvan actividades económicas

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que:
 - a) No momento da concesión da licenza da acometida á rede, sexan propietarias, usufrutuarias ou titulares do dominio útil do terreo
 - b) No caso de prestación de servizos dos números 1.b) e 1.c) do artigo anterior, sexan as ocupantes ou usuarias dos terreos do termo municipal beneficiarias

dos devanditos servizos, calquera que sexa o subtítulo: propietarias, usufrutuarias, habitacionistas ou arrendatarias, mesmo en precario.

2. Asemade, terá condición de suxeito pasivo a persoa solicitante de descarga na EDAR de residuos de pozos negros.
3. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto da persoa ocupante ou usuaria das vivendas ou locais a persoa propietaria destes inmobles, as que poderán repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre as respectivas beneficiarias do servizo.

Artigo 4º.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 43 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarias as persoas administradoras das sociedades e as que asuman as tarefas de sindicación, intervención ou liquidación de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, ños supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de cento trinta e cinco (135,00) euros, que se reducirá a setenta (70,00) euros para as acometidas que deban utilizar sistemas de bombeo para o vertido á rede municipal.
2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de vertido na rede de sumidoiros consistirá nunha cantidade fixa que se determinará segundo o uso ao que se destine a edificación á que se preste o servizo, segundo a seguinte tarifa:
 - A. Vivendas (usos domésticos):
 - 10,00 €/ano para as acometidas que non precisen bombeo para o vertido á rede municipal
 - 5,00 €/ano para as acometidas que deban utilizar sistemas de bombeo para o vertido á rede municipal
 - B. Usos comerciais ou industriais: 15,00 €/ano



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

3. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de depuración das augas residuais consistirá nunha cantidade fixa que se determinará segundo o uso ao que se destine a edificación á que se preste o servizo, segundo a seguinte tarifa:
 - A. Vivendas (usos domésticos):
 - 10,00 €/ano para as acometidas que non precisen bombeo para o vertido á rede municipal
 - 5,00 €/ano para as acometidas que deban utilizar sistemas de bombeo para o vertido á rede municipal
 - B. Usos comerciais ou industriais: 15,00 €/ano
 - C. Descarga de residuos particulares de pozos negros na EDAR: 5,00 €/m³
4. As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ao consumo (IPC) interanual.

Artigo 6º.- Bonificacións

Concederase unha bonificación do 50% aos suxeitos pasivos titulares do ben obxecto da presente taxa, que teñan entre 12 e 30 anos e que acrediten ser posuídores do Carné Xove. Esta bonificación será solicitada pola persoa usuaria en cada anualidade de exacción da presente taxa.

Artigo 7º.- Exencións

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción da presente taxa.

Artigo 8º.- Xeración

1. Xerarase a taxa e nacerá a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu dereito imponible, entendéndose a mesma:
 - a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente
 - b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de rede de sumidoiros municipal. A remuneración por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

- c) No momento da concesión da autorización para a descarga na EDAR de residuos de pozos negros
2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para todos os edificios do municipio que teñan fachada á rúa, prazas ou vías públicas en que exista rede pública de sumidoiros, e xerarase a taxa aínda cando as persoas interesadas non procedan a efectuar a acometida á rede.

Artigo 9º.-Declaración, liquidación e ingresos

1. Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte formularán as oportunas declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do terreo e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións producirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das devanditas declaracións de alta e baixa.
2. A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.
3. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse nun só recibo anual.
4. No suposto da obtención da licenza de acometida, a persoa contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso en directo na forma e prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.
5. No caso das descargas directas na EDAR, os servizos municipais farán unha liquidación, correspondente ao volume real de residuos depositados na instalación municipal.

Artigo 10º.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao previsto na Lei xeral tributaria e disposicións concordantes.

Disposición adicional

De cara á regulamentación da xestión do servizo, será de aplicación supletoria o recollido no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, nomeadamente ao referido aos vertidos e ao réxime sancionador.



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Terceiro.- En cumprimento do establecido nos artigos 49 e 70-2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o seguinte o da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e se presenten, no seu caso, as reclamacións que se estimen oportunas.

Para facilitar o acceso ao texto da proposta da ordenanza fiscal durante o período de exposición pública, procederase a publicar o texto na web municipal. Ademais darase traslado da proposta do texto á entidade Augas de Galicia e ao Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

Se transcorrido o prazo indicado non se presentasen alegacións, considerarase aprobada definitivamente esta actualización da ordenanza fiscal nº T-2.

San Sadurniño, XX de setembro de 2017

O Alcalde

Secundino García Casal